

Xornada de traballo: Estratexia e prioridades na dixitalización do sector agroalimentario galego

Organiza: Pólo de Innovación Dixital no Sector Agroalimentario de Galicia
Data: 26 de xaneiro de 2017, 10h-14h
Lugar: Auditorio da Feira Internacional de Galicia ABANCA, Silleda
en coincidencia coa Feira Cimago Gandago 2017

Obxectivos da xornada

- Recoller as contribucións e intereses das distintas entidades do ecosistema para a elaboración dunha estratexia para a mellora da competitividade e sustentabilidade do sector agroalimentario en Galicia a través das tecnoloxías dixitais
- Identificar e priorizar as necesidades do sector agroalimentario en Galicia en relación á dixitalización dos seus procesos e ferramentas
- Perfilar a participación de Galicia na iniciativa europea da [plataforma S3 agri-food](#)

Carácter da xornada

A presente xornada enmárcase nas actividades do [Polo de Innovación Dixital para o Sector Agroalimentario Galego](#), que foi presentado publicamente o 6 de outubro en Lugo.

En concreto, tras a primeira reunión de traballo que tivo lugar o pasado 15 de decembro en Santiago de Compostela estableceuse un plan de traballo a curto prazo para deseñar unha estratexia conxunta para a dixitalización do sector agroalimentario en Galicia.

En liña coa filosofía de traballo áxil e eficiente promovida no polo de innovación, a xornada que se celebrará o 26 de xaneiro terá un carácter eminentemente práctico, requirindo da participación activa de todos os asistentes. Durante a xornada levaranse a cabo varios obradoiros dinamizados por persoal de Gradiant e o Campus Terra, que xirarán arredor das seguintes preguntas:

- Rol esperado das tecnoloxías dixitais no desenvolvemento futuro do sector agroalimentario en Galicia
- Necesidades do sector agropecuario e a industria agroalimentaria en Galicia
- Principais barreiras e dificultades percibidas polo sector

Perfil dos participantes

A xornada está dirixida a recoller contribucións de todos os axentes da cadea de valor e innovación no sector agroalimentario e no sector TIC, incluíndo:

- Representantes de cooperativas agroalimentarias
- Representantes de industrias agroalimentarias
- Representantes de clusters e asociacións empresariais dos sectores agroalimentario ou TIC
- Representantes de centros tecnolóxicos e grupos de investigación activos nos eidos agroalimentarios e/ou TIC
- Representantes de empresas TIC
- Técnicos da administración pública involucrados na innovación do sector agroalimentario

AXENDA DA XORNADA

Día: 26 de xaneiro de 2017

Lugar: Sala 2, Edificio do Auditorio, Feira Internacional de Galicia ABANCA
Avda. Recinto Feiral, s/n, 36540 Silleda – Pontevedra
Google Maps: <https://goo.gl/maps/bXFyuu8c91B2>

- | | |
|--------------------|--|
| 09:30-10:00 | Rexistro |
| 10:00-10:20 | Benvida e introdución da xornada |
| 10:20-11:10 | Obradoiro 1: Necesidades do sector agropecuario e a industria agroalimentaria en Galicia |
| 11:10-11:50 | Obradoiro 2: Rol previsto das tecnoloxías dixitais no desenvolvemento futuro do sector agroalimentario en Galicia |
| 11:50-12:20 | Pausa Café |
| 12:20-13:10 | Obradoiro 3: Principais barreiras e dificultades percibidas polo sector |
| 13:10-13:30 | Sesión sobre a plataforma S3 agri-food |
| 13:30-13:40 | Conclusións e seguintes pasos |
| 13:50-14:00 | Clausura da xornada a cargo de:
Dna. Ángeles Vázquez, Conselleira de Medio Rural
Dna. Patricia Argerey, Directora Xeral de GAIN |
| 14:00 | Aperitivo de cortesía |